# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 36019050 | IES de Beade | Vigo | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Bacharelato | Movementos Culturais e Artísticos | 2º Bac. | 4 | 116 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

**Contido** **Páxina**


| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 4 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 6 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 14 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 15 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 16 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 16 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 18 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 19 |
| 7.2. Actividades complementarias | 22 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 22 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 23 |
| 9. Outros apartados | 24 |

## 1. Introdución

DATOS DO DEPARTAMENTO:
O Departamento de Artes Plásticas (Debuxo) do Instituto de Beade de Vigo no curso 2023-24 está constituído polos profesores Dona Rosa Ramilo Costas e Don Ángel Comesaña Dopeso, asumindo a Xefatura do mesmo este último e sendo tamén o responsable de impartir a materia de Movementos Culturales e Artisticos en 2º de Bacharelato que se oferta como propia de modalidade para o Bacharelato Xeral.

REFERENCIAS NORMATIVAS
- A presente Programación Didáctica (PD) está enmarcada no Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade do IES de Beade os preceptos neste recollidos.
- Orde do 25 de xaneiro de 2020 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de Educación Primaria, de Educación Secundaria e de Bacharelato no sistema educativo de Galicia

CONTEXTUALIZACIÓN:
A reflexión consciente sobre os conceptos de cultura, arte e as súas manifestacións reforzará no alumnado un achegamento axeitado á súa propia identidade cultural e un coñecemento das relacións entre culturas e as súas interaccións ao longo do tempo.
O estudo das manifestacións artísticas como elementos culturais, permitirá ao alumnado entender a función social da arte na construción das identidades.
A materia Movementos Culturais e Artísticos, de segundo de bacharelato, contribúe ao coñecemento da propia cultura e a formación integral do alumnado en valores cidadáns, no respecto á diversidade das expresións artísticas e na promoción do diálogo entre culturas.
A mestura e coexistencia de culturas nun mesmo espazo é unha das principais características das nosa sociedade. As fronteiras son máis virtuais que físicas e isto desemboca na aparición das identidades deslocalizadas. A volume de información ao que temos acceso na actualidade é tal que fai necesario dispor de criterios e mecanismos manexables para o seu procesamento, interpretación e asimilación.
A complexidade e diversidade de propostas culturais e artísticas da sociedade actual xurden da necesidade de dar resposta a novas inquedanzas e cuestións propostas desde diferentes campos da actividade humana. O achegamento e coñecemento da disparidade das producións artísticas que responden a estas demandas suporá un enriquecemento cultural para o alumnado o que lle permitirá ter unha percepción máis ampla da sociedade e a cultura da que forma parte.
Esta materia contribúe a fomentar no alumnado o hábito da percepción activa da realidade e o interese por apreciar a disparidade das manifestacións artísticas e os seus códigos.
A materia promove a reflexión sobre a relación entre técnica e expresión así como o coñecemento dos recursos e as técnicas empregadas na produción artística e as súas posibilidades de transformación e adaptación nas diversas manifestacións. Así mesmo, prestarase atención ao contexto no que se desenvolven as producións artísticas e como interaccionan complementándose.
Establécense cinco obxectivos para esta materia que contribuirán a acadar os obxectivos da etapa e das competencias clave previstas para o bacharelato.
O primeiro bloque de criterios de avaliación e contidos é Aspectos xerais e recolle os aspectos disciplinares comúns da materia que será necesario mobilizar para a consecución dos obxectivos. Inclúense elementos que permitan contextualizar os movementos artístico-culturais contemporáneos máis relevantes, coñecer os fundamentos das distintas linguaxes e formas de expresión artística e as súas implicacións socioculturais, así como o papel da arte como motor de cambio social e o seu compromiso en relación cos principais desafíos do século XXI, con especial mención á loita contra os estereotipos e ás necesarias perspectivas de xénero e intercultural. Cada manifestación cultural e artística forma parte dun conxunto e inscríbese nunha evolución, de maneira que se pode determinar unha continuidade na creación dentro diversos dominios ao longo do tempo e, á vez, unha interrelación clara entre todos os ámbitos creativos. A herdanza artística está presente en todos e cada un deles, de forma que o novo nunca rompe totalmente co que o precede. Hai uns temas constantes nesta sucesión, que non ruptura total, que caracteriza a cultura e a arte, e que se poden seguir ao longo da historia, con diferentes reinterpretacións.
Os bloques dous e tres recollen dous grandes temas moi presentes nas manifestacións culturais e artísticas da sociedade contemporánea: Natureza, arte e cultura e a arte dentro da arte.
O bloque catro, A arte nos espazos urbanos, recolle tanto as manifestacións artísticas que se producen nas contornas urbanas, como os distintos tipos de espazos e formatos nos que se manifestan estas.
O quinto bloque, Linguaxes artísticas contemporáneas, abarca outras linguaxes, incluídas as audiovisuais e

multimedia, presentes actualmente nas producións culturais e artísticas, así como as posibilidades expresivas das tecnoloxías contemporáneas.
En definitiva, a materia de Movementos Culturais e Artísticos ofrécelle ao alumnado a oportunidade de familiarizarse con numerosas referencias culturais, facilitándolle o acceso ao mundo das artes, descubríndolle as súas particularidades e contribuíndo á súa formación como cidadán ou cidadá e como público cultural.
No respectivo ao contexto do IES de Beade, nos ámbitos social, cultural e económico, queda recollido no PEC. No relativo o alumnado sinalar que pertence, maioritariamente, a familias con nivel socio-cultural medio-baixo, que mostran interese pola formación dos fillos/as. Nos fogares unha grande maioría ten ordenador e/ou teléfonos intelixentes con acceso a internet. A situación onde se atopa o Centro é nunha zona periférica da cidade, que fai confluír alumnado dun entorno urbano con outro dunha contorna semiruralizada.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Analizar producións de distintos movementos culturais e artísticos desde as vangardas á actualidade, reflexionando de forma aberta e crítica sobre o seu contexto histórico e os seus aspectos singulares e comúns, para comprender o valor da arte como representación do espírito dunha época. | 1-3 | 1 | 2 | | | 1-3 | | 2 |
| OBX2 - Explicar o valor social do patrimonio reflexionando sobre o compromiso da arte coa súa época e sobre a importancia da liberdade creativa e de expresión en producións culturais e artísticas, para construír unha mirada sobre a arte que recoñeza, valore e respecte a diversidade cultural. | 1-3 | 1 | 2 | 2 | | 1-3 | 1 | 1-2 |
| OBX3 - Explorar e valorar as linguaxes e os códigos de diferentes manifestacións culturais e artísticas desde as vangardas ata a actualidade, identificando e comprendendo as súas características, referentes e intencionalidades, para potenciar as posibilidades de gozo estético. | 3 | 1 | 2 | | 50 | 1 | | 1-2 |
| OBX4 - Analizar a evolución da arte e a cultura na historia recente identificando os distintos ámbitos nos que se producen e manifestan, así como o valor da innovación e o papel das tecnoloxías, para desenvolver un criterio informado e crítico ante o feito artístico que favoreza a identificación de oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional. | 3 | 1 | 1-2 | 3 | 12 | 1-3 | 1 | 1-2 |
| OBX5 - Explicar a práctica cultural e artística como un medio de expresión e comunicación individual e colectivo de ideas, opinións e sentimentos, a partir dunha análise crítica de diversas manifestacións culturais e artísticas que inclúa tamén unha reflexión sobre o seu impacto ambiental, económico e social, para profundar no coñecemento da sociedade contemporánea e promover o compromiso persoal coa sostibilidade. | 3 | 1 | 2 | | 31 | 1-3-4 | 1-2 | 1-31 |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Concepto de arte. A expresión artística. | Aspectos xerais relacionados co estudo da produción artística. O concepto de arte e a súa evolución. Os campos da arte e as linguaxes propias. Visión xeral dos grandes movementos artístico-culturais contemporáneos e os seus aspectos máis relevantes. | 12 | 13 | X | | |
| 2 | Arte e sociedade. | O contextos social e histórico da arte e a función social da arte. A dicotomía individuo-colectivo na produción artística. Estratexias de estudo e valoración das producións artísticas e culturais. | 11 | 13 | X | | |
| 3 | Arte e natureza. | Relación entre o feito artístico e a natureza ao longo do desenvolvemento das correntes artísticas e culturais contemporáneas.<br>O compromiso da arte coas cuestións medioambientais na actualidade. | 11 | 13 | X | | |
| 4 | A arte contemporánea e as súas fontes. | Achegamento aos referentes e as influencias culturais e artísticas na definición das novas linguaxes das correntes na arte contemporánea. A cultura pop e o Pop Art na escena internacional e nacional. | 11 | 13 | | X | |
| 5 | Relacións interdisciplinares na arte. A Bauhaus. | Interaccións e relacións culturais entre as disciplinas artísticas: literatura, cinema, música, fotografía, artes plásticas, banda deseñada, publicidade, artes escénicas, deseño e moda. A escola da Bauhaus como referente. | 11 | 13 | | X | |
| 6 | A arte na arquitectura e urbanismo contemporáneos. | O espazo como arte e como contenedor das artes. A transformación das cidades e do espazo urbano. O patrimonio arquitectónico e artístico e a súa conservación. | 12 | 15 | | X | |
| 7 | Arte urbano. | A cidade como contenedor de arte | 11 | 13 | | | X |
| 8 | Arte e deseño. | Artes decorativas. Evolución do deseño de produto. | 9 | 9 | | | X |
| 9 | Os novos medios artísticos. | O Videoarte. Medios electrónicos e dixitais na produción artística. Videoxogos e metaverso. | 12 | 14 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | Concepto de arte. A expresión artística. | 13 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Identificar os aspectos singulares de diversas manifestacións culturais e artísticas desde as vangardas ata a actualidade, relacionándoos co sentido das devanditas obras, cos contextos nos que foron producidas e coa tradición artística, de forma aberta, crítica e respectuosa. | Capacidade para identificar os aspectos básicos máis relevantes de obras encadradas entre as vangardas e o momento actual. | PE | 50 |
| CA1.7 - dentificar e explicar as características de diversas producións culturais e artísticas a partir da análise das súas linguaxes e códigos propios. | Capacidade para realizar un análise básico dunha obra de arte manexando os conceptos traballados referidos á linguaxe. | | |
| CA1.6 - esenvolver proxectos de investigación individuais ou colectivos que mostren unha implicación e unha resposta persoais ao redor da libre expresión artística e dos seus posibles límites, partindo da análise de casos concretos. | Capacidade básica para planificar e desenvolver un proxecto de investigación no que se aporte unha visión persoal. | TI | 50 |
| CA1.8 - nvestigar e analizar a presenza de referentes comúns en distintas manifestacións culturais e artísticas, comparando os seus temas, linguaxes ou intencionalidades. | Capacidade para a análise comparativa de diferentes manifestacións culturais coa xeración de conclusións fundamentadas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A evolución do concepto de arte.<br>- As distintas manifestacións da expresión artística.<br>- Elementos esenciais das distintas linguaxes artísticas. Os grandes movementos artístico-culturais contemporáneos. Aspectos fundamentais.<br>- Estratexias de investigación, análise, interpretación e valoración crítica de produtos culturais e artísticos. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | Arte e sociedade. | 13 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Establecer relacións entre manifestacións culturais de distintos campos creativos dos principais movementos culturais e artísticos contemporáneos, identificando elementos comúns que configuran o espírito da súa época. | Capacidade para relacionar conceptualmente feitos artísticos contemporáneosde diferentes xéneros. | PE | 50 |
| CA1.4 - Explicar a repercusión e o compromiso social da arte analizando exemplos que mostren a implicación das persoas creadoras e os efectos xerados na sociedade. | Analizar a influencia na sociedade de producións artística. Coñecer algúns exemplos. | | |
| CA1.3 - Investigar acerca do papel dos movementos culturais e artísticos como motores de cambio e de evolución da sociedade, recorrendo a fontes fiables. | Obter información axeitada de diferentes fontes sobre os movementos culturais e artísticos e como influiron na sociedade. | TI | 50 |
| CA1.5 - Analizar a importancia da diversidade cultural e da libre expresión na arte a partir do estudo de manifestacións culturais e artísticas diversas, incluídas as realizadas por mulleres ou as procedentes de ámbitos diferentes á cultura occidental. | Capacidade para valorar a diversidade no panorama artístico e cultural e analizar ás achegas de cada proposta. | | |
| CA1.6 - esenvolver proxectos de investigación individuais ou colectivos que mostren unha implicación e unha resposta persoais ao redor da libre expresión artística e dos seus posibles límites, partindo da análise de casos concretos. | Capacidade para organizar un proxecto de investigación e xerar respostas persoais sobre casos concretos do feito artístico. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A expresión artística no seu contexto social e histórico.<br>- Función social da arte e da cultura. O seu impacto socioeconómico. A liberdade de expresión. A censura na arte.<br>- Estereotipos culturais e artísticos. A perspectiva de xénero e a perspectiva intercultural na arte. O respecto á diversidade.<br>- A arte como ferramenta de expresión individual e colectiva. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | Arte e natureza. | 13 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.2 - Explicar a repercusión e o compromiso social da arte analizando exemplos que mostren a implicación das persoas creadoras e os efectos xerados na sociedade. | Coñecemento de casos emblemáticos da influencia do feito artístico na sociedade e capacidade para explicalos. | PE | 50 |
| CA2.6 - Identificar unha variedade de ámbitos e espazos nos que se desenvolve a práctica cultural e artística na actualidade, analizando de que modo condicionan as manifestacións que acollen. | Recoñecer diferentes espazos onde se desenvolve o feito artístico, coñecer as principais características dos mesmos e os seus condicionantes. | | |
| CA2.8 - Explicar algunhas das repercusións ambientais, sociais e económicas da cultura e da arte sobre a sociedade actual explorando alternativas que favorezan a consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible. | Coñecer a influencia da actividade artística e cultural sobre sociedade e a concepción do medio ambiente e a sostibilidade. | | |
| CA2.1 - Investigar acerca do papel dos movementos culturais e artísticos como motores de cambio e evolución da sociedade, recorrendo a fontes fiables. | Obter e xerar información básica sobre a influencia dos movementos culturais e artísticos na evolución da sociedade | TI | 50 |
| CA2.3 - Desenvolver proxectos de investigación individuais ou colectivos que mostren unha implicación e unha resposta persoais ao redor da libre expresión artística e dos seus posibles límites, partindo da análise de casos concretos. | Capacidade básica para planificar e desenvolver un proxecto de investigación no que se aporte unha visión persoal | | |
| CA2.4 - Debater sobre diferentes propostas culturais e artísticas, intercambiando as opinións e os sentimentos experimentados e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras de maneira argumentada, construtiva e respectuosa. | Participar de xeito activo nos debates sobre propostas culturais e artísticas aportando opinións persoais. | | |
| CA2.5 - Explorar, explicar e valorar a repercusión social e económica de diferentes manifestacións culturais e artísticas, reflexionando sobre as oportunidades persoais e profesionais que ofrecen. | Capacidade para atopar, mediante investigación, e explicar casos concretos de manifestacións artísticas cunha repercusión social e económica relevante. | | |
| CA2.7 - Explorar diferentes manifestacións culturais e artísticas actuais con interese, curiosidade e respecto, identificando o seu valor expresivo e comunicativo tanto da individualidade das persoas creadoras coma da sociedade na que se producen. | Identificar de xeito razoado o valor comunicativo e expresivo de propostas culturais e artísticas seleccionadas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Do plein air á fotografía de natureza.<br>- Arte, conciencia ecolóxica e sostibilidade.<br>- Arte povera.<br>- Arte ambiental e land art. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | A arte contemporánea e as súas fontes. | 13 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.1 - Identificar os aspectos singulares de diversas manifestacións culturais e artísticas desde as vangardas ata a actualidade, relacionándoos co sentido das devanditas obras, cos contextos nos que foron producidas e coa tradición artística, de forma aberta, crítica e respectuosa. | Capacidade para identificar os aspectos básicos máis relevantes de obras encadradas entre as vangardas e o momento actual. | PE | 50 |
| CA3.4 - Explicar a importancia da promoción, conservación e posta en valor do patrimonio artístico e cultural. | Argumentar de xeito razoado a importancia do Patrimonio | | |
| CA3.6 - Identificar e explicar as características de diversas producións culturais e artísticas a partir da análise das súas linguaxes e códigos propios. | Recoñecer obras e explicalas a partires do análise da linguaxe empregada. | | |
| CA3.5 - Analizar a importancia da diversidade cultural e da libre expresión na arte a partir do estudo de manifestacións culturais e artísticas diversas, incluídas as realizadas por mulleres ou as procedentes de ámbitos diferentes á cultura occidental. | Capacidade para seleccionar exemplos de manifestacións artísticas diversas e argumentar. | TI | 50 |
| CA3.7 - Investigar e analizar a presenza de referentes comúns en distintas manifestacións culturais e artísticas comparando os seus temas, linguaxes ou intencionalidades. | Capacidade para relacionar razoadamente diferentes manifestacións artísticas e culturais determinando as súas referencias comúns. | | |
| CA3.8 - Debater sobre diferentes propostas culturais e artísticas intercambiando as opinións e os sentimentos experimentados e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras de maneira argumentada, construtiva e respectuosa. | Participar de xeito activo nos debates sobre propostas culturais e artísticas aportando opinións persoais. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Arte primitiva, oriental, precolombina e africana. O seu papel como inspiración para as vangardas.<br>- A pervivencia do clásico na arte e na cultura contemporánea.<br>- Cultura popular e pop art. A arte pop en España. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | Relacións interdisciplinares na arte. A Bauhaus. | 13 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.1 - Identificar os aspectos singulares de diversas manifestacións culturais e artísticas desde as vangardas ata a actualidade, relacionándoos co sentido das devanditas obras, cos contextos nos que foron producidas e coa tradición artística, de forma aberta, crítica e respectuosa. | Capacidade para identificar os aspectos básicos  máis relevantes de obras encadradas entre as vangardas e o momento actual. | PE | 50 |
| CA3.6 - Identificar e explicar as características de diversas producións culturais e artísticas a partir da análise das súas linguaxes e códigos propios. | Recoñecer obras e explicalas a partires do análise da linguaxe empregada. | | |
| CA3.2 - Establecer relacións entre manifestacións culturais de distintos campos creativos dos principais movementos culturais e artísticos contemporáneos identificando elementos comúns que configuran o espírito da súa época. | Capacidade para reflexionar e establecer relacións básicas entre diferentes manifestacións culturais nos diferentes campos creativos contemporáneos. | TI | 50 |
| CA3.3 - Investigar acerca do papel dos movementos culturais e artísticos como motores de cambio e evolución da sociedade, recorrendo a fontes fiables. | Obter información axeitada de diferentes fontes sobre os movementos culturais e artísticos e como influíron na sociedade. | | |
| CA3.7 - Investigar e analizar a presenza de referentes comúns en distintas manifestacións culturais e artísticas comparando os seus temas, linguaxes ou intencionalidades. | Capacidade para relacionar razoadamente diferentes manifestacións artísticas e culturais determinando as súas referencias comúns. | | |
| CA3.8 - Debater sobre diferentes propostas culturais e artísticas intercambiando as opinións e os sentimentos experimentados e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras de maneira argumentada, construtiva e respectuosa. | Participar de xeito activo nos debates sobre propostas culturais e artísticas aportando opinións persoais. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Relacións interdisciplinares: literatura, cinema, música, fotografía, artes plásticas, cómic, publicidade, artes escénicas, deseño e moda. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | A arte na arquitectura e urbanismo contemporáneos. | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.3 - Explicar a importancia da promoción, conservación e posta en valor do patrimonio artístico e cultural. | Razoar a necesidade de promover e conservar o patrimonio artístico e cultural. | PE | 50 |
| CA4.4 - Explicar a repercusión e o compromiso social da arte, analizando exemplos que mostren a implicación das persoas creadoras e os efectos xerados na sociedade. | Coñecer exemplos emblemáticos da arquitectura e urbanismo contemporáneos e as súas repercusións na sociedade. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.7 - Identificar unha variedade de ámbitos e espazos nos que se desenvolve a práctica cultural e artística na actualidade, analizando de que modo condicionan as manifestacións que acollen. | Recoñecer diferentes espazos onde se desenvolve o feito artístico, coñecer as principais características dos mesmos e os seus condicionantes. | | |
| CA4.1 - Establecer relacións entre manifestacións culturais de distintos campos creativos dos principais movementos culturais e artísticos contemporáneos identificando elementos comúns que configuran o espírito da súa época. | Capacidade para reflexionar e establecer relacións básicas entre diferentes manifestacións culturais nos diferentes campos creativos contemporáneos. | TI | 50 |
| CA4.2 - Investigar acerca do papel dos movementos culturais e artísticos como motores de cambio e evolución da sociedade, recorrendo a fontes fiables. | Obter información axeitada de diferentes fontes sobre os movementos culturais e artísticos e como influiron na sociedade. | | |
| CA4.5 - Debater sobre diferentes propostas culturais e artísticas intercambiando as opinións e os sentimentos experimentados e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras de maneira argumentada, construtiva e respectuosa. | Participar de xeito activo nos debates sobre propostas culturais e artísticas aportando opinións persoais. | | |
| CA4.6 - Explorar, explicar e valorar a repercusión social e económica de diferentes manifestacións culturais e artísticas, reflexionando sobre as oportunidades persoais e profesionais que ofrecen. | Capacidade para atopar, mediante investigación, e explicar casos concretos de manifestacións artísticas cunha repercusión social e económica relevante. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Arquitectura e sociedade.<br>- A arquitectura na arte contemporánea.<br>- Intervencións artísticas en proxectos de urbanismo. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 7 | Arte urbano. | 13 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.1 - Establecer relacións entre manifestacións culturais de distintos campos creativos dos principais movementos culturais e artísticos contemporáneos identificando elementos comúns que configuran o espírito da súa época. | Capacidade para reflexionar e establecer relacións básicas entre diferentes manifestacións culturais nos diferentes campos creativos contemporáneos e o arte urbano. | PE | 50 |
| CA4.3 - Explicar a importancia da promoción, conservación e posta en valor do patrimonio artístico e cultural. | Razoar a necesidade de promover e conservar o patrimonio artístico e cultural. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.2 - Investigar acerca do papel dos movementos culturais e artísticos como motores de cambio e evolución da sociedade, recorrendo a fontes fiables. | Obter información axeitada de diferentes fontes sobre os movementos culturais e artísticos e como influiron na sociedade. | TI | 50 |
| CA4.4 - Explicar a repercusión e o compromiso social da arte, analizando exemplos que mostren a implicación das persoas creadoras e os efectos xerados na sociedade. | Coñecer exemplos emblemáticos da arquitectura e urbanismo contemporáneos e as súas repercusións na sociedade. | | |
| CA4.5 - Debater sobre diferentes propostas culturais e artísticas intercambiando as opinións e os sentimentos experimentados e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras de maneira argumentada, construtiva e respectuosa. | Participar de xeito activo nos debates sobre propostas culturais e artísticas aportando opinións persoais. | | |
| CA4.6 - Explorar, explicar e valorar a repercusión social e económica de diferentes manifestacións culturais e artísticas, reflexionando sobre as oportunidades persoais e profesionais que ofrecen. | Capacidade para atopar, mediante investigación, e explicar casos concretos de manifestacións artísticas cunha repercusión social e económica | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Arte mural e enganaollos (trompe-l¿oeil). Arte urbana. Os espazos da arte: museos, salóns, feiras, festivais, exhibicións, galerías, talleres etc. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 8 | Arte e deseño. | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA5.3 - Identificar e explicar as características de diversas producións culturais e artísticas a partir da análise das súas linguaxes e códigos propios. | Recoñecer obras emblemáticas produto do deseño e explicalas a partires do análise da linguaxe empregada. | PE | 50 |
| CA5.6 - Argumentar a influencia e as achegas que as novas linguaxes e tecnoloxías incorporaron na cultura e na arte recentes, a partir da análise crítica de diferentes producións, valorando a actitude innovadora das persoas creadoras. | Amosar un coñecemento básico da influencia das novas linguaxes tecnolóxicas argumentando con casos concretos. | | |
| CA5.1 - Analizar a importancia da diversidade cultural e da libre expresión na arte a partir do estudo de manifestacións culturais e artísticas diversas, incluídas as realizadas por mulleres ou as procedentes de ámbitos diferentes á cultura occidental. | Capacidade para seleccionar exemplos de manifestacións artísticas diversas e argumentar. | TI | 50 |
| CA5.2 - Desenvolver proxectos de investigación individuais ou colectivos que mostren unha implicación e unha resposta persoais ao redor da libre expresión artística e dos seus posibles límites, partindo da análise de casos concretos. | Capacidade básica para planificar e desenvolver un proxecto de investigación no que se aporte unha visión persoal. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA5.4 - Investigar e analizar a presenza de referentes comúns en distintas manifestacións culturais e artísticas comparando os seus temas, linguaxes ou intencionalidades. | Capacidade para relacionar razoadamente diferentes manifestacións artísticas e culturais determinando as súas referencias comúns. | | |
| CA5.5 - Debater sobre diferentes propostas culturais e artísticas intercambiando as opinións e os sentimentos experimentados e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras de maneira argumentada, construtiva e respectuosa. | Participar de xeito activo nos debates sobre propostas culturais e artísticas aportando opinións persoais. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Deseño industrial e artes decorativas. |
| - Medios electrónicos, informáticos e dixitais na arte. Videoarte. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 9 | Os novos medios artísticos. | 14 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA5.3 - Identificar e explicar as características de diversas producións culturais e artísticas a partir da análise das súas linguaxes e códigos propios. | Recoñecer obras icónicas xeradas cos novos medios artísticos e explicalas a partires do análise da linguaxe empregada. | PE | 50 |
| CA5.6 - Argumentar a influencia e as achegas que as novas linguaxes e tecnoloxías incorporaron na cultura e na arte recentes, a partir da análise crítica de diferentes producións, valorando a actitude innovadora das persoas creadoras. | Identificar as máis relevantes das novas tendencias artísticas baseadas nas novas tecnoloxías. Recoñecer as novas linguaxes. | | |
| CA5.1 - Analizar a importancia da diversidade cultural e da libre expresión na arte a partir do estudo de manifestacións culturais e artísticas diversas, incluídas as realizadas por mulleres ou as procedentes de ámbitos diferentes á cultura occidental. | Capacidade para valorar a diversidade no panorama artístico e cultural actual e analizar ás achegas de cada proposta. | TI | 50 |
| CA5.2 - Desenvolver proxectos de investigación individuais ou colectivos que mostren unha implicación e unha resposta persoais ao redor da libre expresión artística e dos seus posibles límites, partindo da análise de casos concretos. | Capacidade básica para planificar e desenvolver un proxecto de investigación no que se aporte unha visión persoal. | | |
| CA5.4 - Investigar e analizar a presenza de referentes comúns en distintas manifestacións culturais e artísticas comparando os seus temas, linguaxes ou intencionalidades. | Capacidade para relacionar razoadamente diferentes manifestacións artísticas e culturais determinando as súas referencias comúns. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA5.5 - Debater sobre diferentes propostas culturais e artísticas intercambiando as opinións e os sentimentos experimentados e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras de maneira argumentada, construtiva e respectuosa. | Participar de xeito activo nos debates sobre propostas culturais e artísticas aportando opinións persoais. | | |
| CA5.7 - Identificar unha variedade de ámbitos e espazos nos que se desenvolve a práctica cultural e artística na actualidade analizando de que modo condicionan as manifestacións que acollen. | Recoñecer  diferentes espazos onde se desenvolve o feito artístico,  coñecer as principais características dos mesmos e os seus | | |
| CA5.8 - Explorar diferentes manifestacións culturais e artísticas actuais con interese, curiosidade e respecto, identificando o seu valor expresivo e comunicativo tanto da individualidade das persoas creadoras coma da sociedade na que se producen. | Identificar de xeito razoado o valor comunicativo e expresivo de propostas culturais e artísticas seleccionadas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Medios electrónicos, informáticos e dixitais na arte. Videoarte. |
| - Instalacións. Da arte ambiente á arte inmersiva e interactiva. |
| - A explosión da narrativa serial no audiovisual do século XXI. |
| - Narrativa multiverso e videoxogos. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa na materia de Movementos Culturais e Artísticos desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

No deseño das actividades terase en conta a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos apartados seguintes e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

LIÑAS DE ACTUACIÓN NO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE:

- A creación de situacións de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado explorar, de forma progresivamente complexa, unha ampla variedade de manifestacións culturais e artísticas, mediante a mobilización globalizada dos correspondentes contidos (coñecementos, destrezas e actitudes), facilitándolle o acceso ao mundo das artes, descubríndolle as súas particularidades e contribuíndo a súa formación como cidadán e como espectador cultural. Estas situacións deben proporcionarlle ao alumnado unha perspectiva real das aplicacións formativas e profesionais da arte e da cultura nas súas múltiples facetas, así como do enriquecemento do seu acervo persoal.

- A importancia do traballo dos obxectivos da materia en conxunto, onde os bloques de criterios de avaliación e contidos non se vexan como independentes, facendo que interveñan aqueles desempeños máis significativos en cada caso, de xeito que se poidan adquirir os coñecementos, destrezas e actitudes de forma interrelacionada e progresiva no referente á súa complexidade.

- O fomento no alumnado dun enriquecemento do seu acervo persoal e cultural desde unha perspectiva real das

aplicacións formativas e profesionais da arte e da cultura nas súas múltiples facetas.

- A familiarización do alumnado coas numerosas referencias culturais facilitándolle o acceso ao mundo de las artes, descubríndolle as súas particularidades e contribuíndo a súa formación como cidadán e como espectador cultural.

- A selección de producións e manifestacións culturais e artísticas contemporáneas a partir dun estudo que permita deducir as súas linguaxes, as súas características ou as súas referencias comúns, así como o seu contexto de produción e recepción.

- O establecemento de relacións estreitas, sen prexuízos, e baseadas no coñecemento e na comprensión, de xeito que se consiga unha aprehensión máis global da cultura e do desenvolvemento do deleite estético. Esta posibilidade achega modos de vida diferentes a través da expresión artística, o que permite sentar as bases do respecto e iniciar aproximacións que fomenten a convivencia. Na liña dos obxectivos de desenvolvemento da axenda 2030 a partir desta materia, o achegamento aos retos do século XXI desde a oportunidade que brinda o coñecemento dos movementos artísticos e culturais e da súa importancia no desenvolvemento social, económico e medioambiental.

- A elección, ao longo do curso, de momentos coincidentes co desenvolvemento de feiras de arte contemporánea; festivais de cine, música ou danza; exposicións e outros eventos internacionais, nacionais ou locais para introducir a análise das manifestacións artísticas presentes e achegar os contidos da materia ao momento e á contorna do alumnado. Deste xeito, realizarase un desenvolvemento entrelazado, coherente e relacionado dos movementos culturais e artísticos, en lugar de facelo de forma lineal.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Ordenador con acceso a Internet e  conectado a proxector na aula de referencia. |
| Libros de arte. |
| Aula virtual. |
| Aula de informática. |

- Libros de arte: os libros de arte son un recurso imprescindible nesta materia polo que se intentará mellorar a dotación desta sección da biblioteca para que o alumnado atope suficiente material de apoio para a realización dos seus traballos.
- Aula virtual. Espazo imprescindible para o desenvolvemento do curso. A aula virtual empregarase para:
1- Deixar á disposición do alumnado os materiais vistos na aula e aqueles de apoio que sexan interesantes en cada unidade (Libros virtuais, apuntamentos, enlaces a webs, vídeos, etc).
2- Entrega de actividades e tarefas por parte do alumnado.
3- Acceso ás rúbricas e cualificacións das tarefas propostas.
4- Comunicación directa co alumnado para avisos, resposta de dúbidas, etc.

- Aula de informática. O alumnado vai precisar:
- Acceder a recursos dispoñibles en Internet para a realización de traballos (webs de museos, webs de creadores, imaxes, etc).
- Acceder a programas de edición de textos, imaxe e vídeo para a realización de tarefas.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O obxectivo da avaliación inicial é establecer un punto de partida a partires do cal construir o corpo da materia e desenvolver o currículo da mesma.
É moi probable que o alumnado que segue a materia de MCA non teña moitas referencias dos movementos culturais que se desenvolveron desde as vangardas ata os nosos días polo que facer unha proba escrita tradicional podería non ser un procedemento efectivo. Para avaliar o grao de coñecementos previos, deseñarase un dos seguintes procedementos:

A - Proba escrita tipo test no que o alumnado deberá dar respostas cortas e relacionar imaxes e conceptos con nomes e definicións.
B - Composición: a partires dun exemplo de comentario dunha obra de arte contemporánea, o alumnado deberá redactar un comentario dunha obra de arte a elexir entre un grupo dado.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **12** | **11** | **11** | **11** | **11** | **12** | **11** | **9** | **12** | **100** |
| **Proba escrita** | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | **50** |
| **Táboa de indicadores** | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | **50** |

**Criterios de cualificación:**

A materia cualificarase por trimestre mediante os seguintes instrumentos de avaliación:
1 - Probas escritas que suporán o 70% da cualificación.
2 - Exercicios prácticos que suporán o 30% da cualificación.
As probas valoraranse de 0 a 10 puntos.
Os exercicios ou traballos prácticos desenvolveranse principalmente no centro (aula, biblioteca e aula de informática) baixo a supervisión do profesor o profesora nas diferentes fases de realización. Unha vez rematadas, as tarefas deberán ser dixitalizadas e entregadas pola aula virtual ou no dominio coorporativo do centro dentro do prazo establecido valorándose de 0 a 10 puntos. Todos os traballos non presentados dentro das datas estipuladas serán valorados cun 0. Entregar os traballos fora de prazo e sen motivo xustificado restará ata un 30% na nota de dito traballo. Os exercicios ou traballos sen rematar non poderán obter calificación positiva. En caso de presentar un exercicio ou traballo con partes mal realizadas, devolverase sen calificar aínda que si corrixido para que o alumno ou alumna o revise e o entregue para ser avaliada de novo; fomentado o interese pola superación de dificultades e a resolución de dúbidas. O traballo constará no caderno do profesor como presentado.
Para superar cada unha das avaliacións deberá obterse a calificación mínima de 5 puntos sobre 10. Os diferentes traballos e probas superadas na avaliación non eximen desa materia na recuperación.
No caso de ter superadas todas as avaliacións, a cualificación final obterase coa media aritmética das cualificacións reais (non a das notas redondeadas que figuran nos boletíns trimestrais). Se esa media é igual ou superior a 5 puntos poderase aprobar o curso con unha avaliación suspensa sempre e cando que a nota de dita avaliación supere os 4 puntos e estean entregados os traballos e feitas as probas teóricas correspondentes. Isto non exime de facer as recuperacións pertinentes antes de coñecer a calificación final de xuño.
Esta cualificación final obterase por redondeo da cualificación obtida dos xeitos indicados. A nota mínima para superar a materia deberá ser superior a 5 sobre 10.
As cualificacións achegaranse individualmente a cada alumna/o a través da aula virtual. No caso de dificultades de

acceso achegaranse individualmente de xeito directo.

INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NA EDUCACIÓN NON PRESENCIAL
Se fose preciso volver a unha situación que imposibilite a presencialidade no centro, terase en conta ademais o seguinte:
1) Traballos prácticos que se recollerán periodicamente para a súa valoración a través do Aula Virtual do centro ou doutros medios segundo a gravidade da situación.
*Os traballos valoraranse de 0 a 10.
* Avaliaranse unicamente os traballos realizados baixo a supervisión do profesor o profesora nas diferentes fases de realización.
* Os traballos sen rematar non poderán obter calificación positiva. En caso de presentar un traballo con partes mal realizadas, devolverase sen calificar aínda que si corrixido para que o alumno ou alumna o revise e o entregue para ser avaliada de novo; fomentado o interese pola superación de dificultades e a resolución de dúbidas. O traballo constará no caderno do profesor como presentado.
* Todos os traballos teñen que ser presentados cando menos nun 80% para obter calificación positiva na avaliación, obténdose a nota mediante media aritmética de todos eles.

2) Probas que permitan coñecer o grao de comprensión dos contidos teóricos e ou prácticos. Valoraranse de 0 a 10 puntos.

Para superar cada unha das avaliacións deberá obterse a calificación mínima de 5 puntos. Para obter a nota da 3ª avaliación realizarase a media aritmética das tres avaliacións. Se esa media é igual ou superior a 5 puntos poderase aprobar o curso con unha avaliación suspensa sempre e cando que a nota de dita avaliación supere os 4 puntos e estean entregados os traballos correspondentes. Isto non exime de facer as recuperacións pertinentes antes de coñecer a calificación final de xuño.

Para obter a nota de cada unha das avaliación realizarase a partir da suma das seguintes porcentaxes:

- Traballos prácticos: 80%
- Probas teóricas: 20%

*No caso de non realizar traballos as probas escritas terán un valor do 100% da porcentaxe.
*Entregar os traballos fora da data sinalada e sen motivo xustificado restará ata un 30% na nota de dito traballo.

O resto de criterios son idénticos aos referidos para a educación presencial.

**Criterios de recuperación:**

1 - Das avaliacións.
No caso de non ter superada a materia pola cualificación da proba escrita, farase unha nova proba escrita de recuperación.
Tamén se poderán re-entregar exercicios prácticos non realizados ou ben con defectos dentro do prazo que se estableza, sendo avaliados segundo reza nos Criterios de Avaliación.
Mantéñense as mesmas porcentaxes de valoración indicadas nos criterios de cualificación.

2 - Recuperación de toda a materia nas convocatorias ordinaria e extraordinaria.
Ao final do terceiro trimestre, no caso de non ter superada a materia, farase unha proba escrita global de toda a materia que suporá o 100% da cualificación da convocatoria ordinaria e na que o alumando deberá obter unha cualificación mínina igual ou superior a 5 puntos sobre 10 para a superación da materia.
De no ter superada a materia na convocatoria ordinaria, o alumnado será deberá facer unha proba escrita que suporá o 100% da cualificación da convocatoria extraordinaria na que deberá obter unha cualificación mínima igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Nesta convocatoria a cualificación máxima será de 5 puntos.

En todos os casos a cualificación final obterase por rendondeo da cualificación obtida dos xeitos indicados. A nota mínima para superar a materia deberá ser superior a 5 sobre 10.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Debemos que identificar e adaptar a nosa metodoloxía docente ás particularidades do alumnado que configura o grupo xa que a aula é un conxunto de diversidades.

Nunha aula pode haber multitude de circunstancias diversas polo que é imprescindible ser flexibles á hora de adaptar a nosa programación, adoptando medidas de carácter preventivo unha vez coñezamos as características das persoas coas que imos traballar.

A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das unidades didácticas, que terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan explotar o seu potencial e sexan partícipes de todas as situacións de aprendizaxe. Isto será moi enriquecedor para eles pero tamén para o resto de alumnos e para nós como profesionais da educación.

As materias asignadas ao Departamento de Artes Plásticas son especialmente agradecidas neste sentido, polas súas características intrínsecas e pola diversidade de solucións propostas que poden adecuarse a cada tarefa proposta.

Cada curso, como docentes de artes plásticas, visuais e audiovisuais, enfrontamos o reto de ter alumnos con discapacidades visuais, auditivas, motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras particularidades. Tamén atoparemos alumnado procedente do estranxeiro, recentemente incorporado ao noso sistema educativo, algúns con dificultades para empregar as linguas vehiculares, estudantes que proveñen de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais complexas, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Tampouco podemos esquecer aos alumnos de altas capacidades que son un desafío para o docente e unha gran fonte de inspiración para o resto de compañeiros.

Conscientes de que perseguimos acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade centraranse en:

MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS: supoñen unha adaptación do currículo encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certos alumnos/as.

- Debemos partir dunha detallada avaliación inicial para coñecer ó noso alumnado.

- No caso de que un alumno non acade os obxectivos mínimos trataremos de ofertar unha variedade de actividades de reforzo, a través de exercicios adaptados e de consolidación.

- Utilizaremos multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación da aprendizaxe, non só probas escritas. Disporemos de diversidade de mecanismos de recuperación.

- Debemos favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a auto estima. É interesante aproveitar as actividades fóra da aula para acadar unha boa cohesión e integración do grupo.

- En caso de alumnos con necesidades educativas especiais (ACNEE) realizaremos adaptacións de accesibilidade ao currículo así como recursos de apoio que o favorezan.

- Podemos valorar a realización de adaptacións curriculares significativas de elementos do currículo. Estas deseñaranse buscando o maior desenvolvemento posible das competencias e tomaranse para a avaliación e para a promoción como referencia os elementos fixados nelas. O Departamento de Orientación Educativa asesorará e coordinara o deseño das adaptacións.

- Os alumnos con discapacidade que poidan ser escolarizados disporán da modalidade que lles garanta unha resposta máis axeitada ás súas necesidades.

- Se un alumno require ser hospitalizado ou permanecer convalecente no seu domicilio favoreceremos a continuidade na nosa materia e a comunicación a través da aula virtual ou do profesor de atención domiciliaria.

- O alumnado valorado como de altas capacidades pode ampliar o currículo ou aceleralo así como flexibilizar o periodo de permanencia na etapa.

MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:

- Favoreceremos o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado se sinta máis arroupado e poida desenvolver distintos roles.

- Existen tarefas nas que sería interesante colaborar con profesores de materias afíns e complementarias podendo abordar proxectos conxuntos. Isto para os estudantes é unha aprendizaxe moito máis global e permítelles entender mellor a aplicación e o sentido dos saberes.

- Unha frecuente comunicación coas familias resulta crucial nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais. Elas poden indicar con precisión cales son as fortalezas e a maneira máis axeitada para traballar cos seus fillos. Ás veces estas familias están asesoradas por profesionais que tamén nos poden guiar á hora de concretar procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS:

- Codocencia con profesorado de apoio na aula, xa sexa de Pedagoxía Terapéutica ou un profesor da mesma materia. O alumnado pode seguir a clase ordinaria e obter asesoramento inmediato nas súas dúbidas.

- Dispoñemos de plans de acollida ao alumnado estranxeiro con atención educativa específica para aqueles que se incorporen tardiamente ao sistema educativo e presente graves carencias en lingua castelá e/ou galega. Isto dependerá da dispoñibilidade horaria do centro, e tendo en conta que este alumnado se incorpora co curso xa iniciado, cando os horarios xa están pechados, é de moi difícil consecución. O alumnado que se escolarice tardiamente no noso sistema e presente un desfase curricular de máis de dous cursos incorporarase nun curso inferior ao que lle corresponde por idade.

- Non podemos esquecer a importancia da acción titorial e da prevención do absentismo así como a indispensable colaboración co Departamento de Orientación.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión lectora. | X | X | X | X | X | X | | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita. | X | X | X | X | X | X | | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual. | | | X | | | X | | |
| ET.4 - Competencia dixital. | X | X | X | X | X | X | | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial. | | | | | | | | X |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico. | X | X | X | X | X | X | | X |
| ET.7 - Educación emocional e en valores. | X | X | X | X | X | X | | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.8 - Igualdade de xénero. | X | X | X | X | X | X | | X |
| ET.9 - Creatividade. | X | X | X | X | X | X | | X |
| ET.10 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social. | X | X | X | X | X | X | | X |
| ET.11 - Aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas víctimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia. | X | X | X | X | X | X | | X |
| ET.12 - Evitar os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan a discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. | X | X | X | X | X | X | | X |
| ET.13 - Espírito emprendedor e iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico. | X | X | X | X | X | X | | X |

| | UD 9 |
|---|---|
| ET.1 - Comprensión lectora. | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita. | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual. | X |
| ET.4 - Competencia dixital. | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial. | |

| | UD 9 |
|---|---|
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico. | X |
| ET.7 - Educación emocional e en valores. | X |
| ET.8 - Igualdade de xénero. | X |
| ET.9 - Creatividade. | X |
| ET.10 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social. | X |
| ET.11 - Aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas víctimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia. | X |
| ET.12 - Evitar os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan a discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. | X |
| ET.13 - Espírito emprendedor e iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico. | X |

**Observacións:**

Fomentaranse a participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar os elementos transversais citados.
A comunicación audiovisual traballarase nos tres trimestres propoñendo un traballo por avaliación que implique o emprego de medios audiovisuais.
A competencia dixital traballarase durante todo o curso e en todas as unidades por medio da elaboración de actividades realizadas con medios dixitais. Así mesmo o alumnado deberá xestionar as entregas de traballos e poderá acceder aos contidos dixitalizados a través da aula virtual.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Charla presencia ou online. | Planificarase unha charla con algún artista en activo que poda dar unha visión do seu traballo e do panorama actual. | X | X | |
| Visita a exposicións de arte contemporánea. | Visita guiada á exposicións desenvolvidas polos centros de Arte Contemporáneo da Comunidade Autónoma. | X | X | |
| Visita a unha exposición de arte contemporánea de autores galegos/as. | Visita guiada á exposicións desenvolvidas dentro dos centros de arte contemporáneo locais sobre artistas do ámbito galego. | X | X | |
| Viaxe cultural a unha capital europea. | Viaxe a unha capital europea (París, Londres...) percorrendo os principiais museos e centros de arte contemporánea dende unha perspectiva global e internacional. | | X | |

**Observacións:**
As actividades complementarias previstas están pendentes da confirmación dos axentes implicados e da adecuación dos horarios, polo que poderían ser modificadas ao longo do curso.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| (P) Consulto a programación ao longo do curso e, en caso necesario, realizo e anoto as modificacións. |
| (P) - Dase a coñecer a programación ao alumnado e se lle facilita o acceso ao contido da mesma por medios dixitais (aula virtual, espazo web, etc) |
| (P) - Fanse anotacións durante as revisións da programación para a mellora e optimización da mesma de cara a vindeiros cursos. |
| (M) - O alumnado entende a dinámica de traballo na aula e a segue sen problema. |
| (M) - O emprego da aula virtual é axeitado por parte do alumnado. Acceden regularmente aos contidos e fan as entregas seguindo as instrucións dadas. |
| (M) - O grao de participación durante as explicacións é axeitada? Aínda que en diferente grao, participa todo o alumnado? |
| (M) - Impleméntanse rúbricas nos exercicios prácticos para que o alumnado poda coñecer os aspectos que se avalían?. |
| (M) - Deséñasne varias prácticas para facer en grupo? |
| (M) - O grao de participación do alumnado nos exercicios prácticos de grupo é axeitado? |
| (M) - Amósanse suficientes exemplos para que o alumnado teña referencias dos exercicios prácticos que debe desenvolver? |
| (M) - Hai un diario de clases dispoñible online para o alumnado onde se indica a materia/o traballo realizado en cada sesión. |

| |
|---|
| (AD) - A programación contempla a atención á diversidade? |
| (AD) - Disponse de toda a información relativa ao alumnado  antes do comezo do curso? |
| (AD) - Tense en conta a AD na organización da aula e na creación de grupos para os traballos? |
| (AD) - Coñécense e aplícanse os protocolos pertinentes no caso de ser necesario? |
| (AD) - Adáptanse as probas escritas e os exercicios prácticos ao alumnado que o precise, seguindo criterios e recomendacións  obxectivos? |
| (AV) - Os instrumentos de avaliación empregados, así como o seu peso, correspóndense co previsto na programación didáctica. |
| (AV) - Tras a realización dun exercicio práctico, valórase a idoneidade do mesmo e o grao de resposta dado polo alumnado? |
| (AV) - O alumnado coñece  os criterios de avaliación e o peso na cualificación das probas escritas e exercicios prácticos. |
| (AV) - Unha vez rematado un trimestre, deseñase un plan de recuperación para o alumnado que precise recuperar a materia? |
| (AV) - No deseño das probas e exercicios prácticos téñense en conta as competencias clave? |

**Descrición:**

Para levar a cabo unha adecuada avaliación da práctica docente, é necesario ter en conta:

- Establecer indicadores de logro que servirán para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación propia como docente.
- Deseñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.
- Analizar os resultados obtidos.
- Propoñer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.

Os indicadores de logro organízanse en torno a catro apartados:

- (P) Programación.
- (M) Metodoloxía.
- (AD) Atención á diversidade.
- (A) Avaliación.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación da materia Movementos Culturais e Artísticos implantase no ano académico 2023/24 e a súa programación deberá realizarase con anterioridade ao comezo do curso. Para a súa realización terase en conta:

- Os cambios ou axustes normativosa que puideran terse producido con aplicación no novo curso.

- As anotacións e propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente memoria do departamento (a partires do segundo ano da súa implantación).

A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe realizarase ao remate de cada unidade didáctica, para identificar carencias no alumnado, e en cada trimestre, unha vez obtidos os resultados da avaliación.
Durante o curso farase un seguimento da programación cunha periodicidade mensual. Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos e os aspectos destacados e faranse constar nas actas das reunións de departamento.

En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro, entre outros, poden consistir en:

- Folla de rexistro onde ir anotando os aspectos máis cuantificables.
- Diario de aula.
- Rúbrica de autoavaliación que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos;
- Estatísticas de resultados.
- Cuestionarios e enquisas ao alumnado.

## 9. Outros apartados